



## DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

O 11 de marzo pasado, a Organización Mundial da Saúde declarou a COVID-19 unha pandemia. Ese mesmo día, produciuse a declaración de emerxencia municipal e quedou constituído o CECOPAL e o Posto de Mando Avanzado do Concello. O 13 de marzo a Xunta de Galicia procedeu á declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, activando o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. O 14 de marzo, o Goberno de España, en cumprimento do establecido no artigo 116 da Constitución e na Lei Orgánica 4/1981, e a medio do Real Decreto 463/2020, declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional, situación que se mantén desde aquela, tras a autorización polo Congreso dos Deputados de sucesivas prórrogas.

Neste momento, o número de persoas falecidas pola COVID-19 supera en España as 24.000, das cales máis de 500 faleceron en Galicia, sendo a área sanitaria da Coruña a máis afectada, con máis dun cento de falecementos.

A Xunta de Galicia, na reunión do seu Consello de hoxe, a medio do Decreto 65/2020, declarou o loito oficial en toda a Comunidade Autónoma entre os días 1 e 31 de maio. A declaración de loito acadara tamén o consenso dos grupos municipais nas comisións de portavoces dos pasados días 20 e 27 de abril de 2020. Cumpre, por tanto, dispoñer a execución na cidade desta medida e ordenar a forma en que se traducirá nos edificios públicos e nos actos oficiais.

Na súa virtude,

DISPOÑO:


**PRIMEIRO.-** Que, para a execución do acordo polo que se declara loito oficial na Comunidade Autónoma de Galicia, as bandeiras oficiais situadas no exterior do Palacio Municipal, no monumento da Coraza do Orzán, así como no do resto de edificios municipais ondearán tan só a medio mastro.

**SEGUNDO.-** As bandeiras oficiais situadas no interior das dependencias municipais lucirán unha fita dupla de cor negra ou crespón enlazados ao mastro na súa parte superior.

**TERCEIRO.-** Convócase a todas as persoas que se encontren presentes nas dependencias municipais a tres minutos de silencio o luns 4 de maio ás 12:00 horas diante da porta principal do Concello, instándose ás persoas congregadas a manter a distancia de dous metros entre elas..

**CUARTO.-** O presente Decreto farase público para xeral coñecemento na web municipal e no taboleiro de edictos, del darase conta ao Pleno na seguinte sesión que se celebrar.

Casas Consistoriais, 30 de abril de 2020.



Inés Rey García  
Alcaldesa